



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP APÓSTOLO SANTIAGO

R/ Proxecto Vagalume nº 2

Tfno e Fax 981 543172

15704 Santiago de Compostela

www.edu.xunta/centros/ceipapostolosantiago

ceip.apostolo.santiago@edu.xunta.es

Estimadas familias, unha vez aclaradas algunhas das circunstancias que van definir o final do ano académico 19/20 dirixímonos a vós para informar das medidas que estamos a desenvolver para o que queda de trimestre.

Para continuar as actividades docentes a distancia utilizamos os recursos tecnolóxicos cos que contamos e o material impreso nos casos nos que é preciso.

A páxina WEB é utilizada para comunicarnos a nivel de centro. Sérvenos para colgar actividades de interese xeral, como os retos que publicamos os luns, mércores e venres, as propostas do blogue da biblioteca ou as iniciativas que pretenden invitar a toda a comunidade educativa á participación en temáticas comúns.

A aula virtual ten unha finalidade máis académica, nela publícanse actividades que o alumnado realiza e fai chegar ao profesorado para o seu seguimento. Para aquel alumnado que non pode utilizar a aula virtual, implementamos outras estratexias, como o uso do correo electrónico, as aplicacións de móbil, a recollida de traballos no centro ou o envío destes por correo ordinario.

Todas estas actividades servirán para avaliar e axudar a determinar a nota final deste curso.

As notas da 1ª e a 2ª avaliación serán as que teñan un maior peso na nota final.

Calcularase a media das dúas primeiras avaliacións e para valorar o traballo realizado neste 3º trimestre teranse en conta as tarefas recibidas a partires do 15 de maio.

Se o traballo realizado é a metade ou máis da metade (50% ou máis) do proposto polo equipo docente, a nota subirase á seguinte unidade. No caso de que as tarefas entregadas sexan menos da metade, do proposto polo profesorado, (menos do 50%) a nota redondearase a esa unidade.

1ª AVALIACIÓN.	2ª AVALIACIÓN.	MEDIA DAS AVALIACIÓNS.	TAREFAS DESENVOLTAS	TAREFAS DESENVOLTAS
			50% ou máis.	Menos do 50%
7	5	6	7	6
6	5	5,5	6	5
8	9	8,5	9	8

O alumnado que teña unha nota media inferior ao cinco:

- No caso de que a nota da segunda avaliación sexa cinco ou máis, terase en conta a nota da segunda avaliación, e sobre esta, aplicarase o criterio anterior.

- No caso de que a nota da primeira avaliación sexa superior a cinco e na segunda, inferior a cinco, calcularase a media. Sobre esta media aplicarase o criterio referido ao traballo realizado a partires do 15 de maio .

Para o resto do alumnado con materias non superadas no 1º e no 2º trimestre estableceranse plans de recuperación específicos que serán valorados de forma individualizada atendendo ás características de cada caso.

Estamos implementando ferramentas que nos axuden na formación e na comunicación a distancia. Precisamos da vosa colaboración para que a súa aplicación sexa o máis efectiva posible.

É de suma importancia que, se aínda non o fixestes, vos deades de alta en ABALAR móbil. Isto permitiranos unha comunicación máis rápida e eficaz.

Se tedes problemas para darvos de alta, podedes contactar coa persoa titora das vosas fillas ou fillos ou chamar á escola no número habitual, 981543172, ou tamén enviar un correo electrónico a ceip.apostolo.santiago@edu.xunta.es

Entre a semana pasada e esta distribuímos ordenadores e ruters entre o alumando que así o precisaba. Estes recursos foron proporcionados polo centro e polo Concello de Santiago. Se algunha familia segue tendo problemas, pode poñerse en contacto coa persoa titora e tentaremos dar solucións a estas dificultades.

A información oficial facilitada até o momento, indica que non hai previsión de que o alumnado de infantil e primaria volte ás aulas neste curso. Non posuímos a día de hoxe indicacións das dinámicas que se desenvolverán no vindeiro curso.

Nestes momentos de grande incertidume, o único que temos claro é que queremos seguir sendo comunidade. Temos por diante grandes retos, e polo tanto moitas oportunidades de mellora. Contamos con vós para que nos fagades partícipes de todas as propostas que nos axuden a camiñar conxuntamente cara adiante.

Saúdos afectuosos.

A Equipa Directiva.

Santiago de Compostela a 16 de maio de 2020

